

MOCIÓN PARA A MELLORA DA CASA DA ALDEA DE MEIRO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do establecido na lexislación vixente, a través da súa portavoz Dona María Elena Estévez Freire, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación no Pleno da Corporación **MOCIÓN PARA A MELLORA DA CASA DA ALDEA DE MEIRO**, baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Casa da Aldea de Meiro acolle desde hai máis de 20 anos unha parte relevante da actividade cultural, social e asociativa do noso municipio, grazas á actividade da Asociación de Veciños A Morada e a Asociación Cultural Meiro. O espazo acolle así actividades como ximnasia de mantemento, labores ou a cantadela, ademais de actuar como un local social para actividades de ocio ao mediodía.

A pesar deste importante uso, a Casa da Aldea e o terreo no que se ubica amosan diferentes deficiencias que deben ser subsanadas á maior brevidade. A máis importante é a relativa ao muro que sostén a parcela, na porción lindante co recinto da Morada. O seu estado é extremadamente precario, ameazando con derrubarse desde hai varios anos. Isto supón un enorme risco para a cidadanía, en especial para a rapazada, pois hai dous anos e medio construíuse un parque infantil no terreo que sostén directamente o valado sen tomarse ningunha medida de seguridade a ese respecto.

A isto súmaselle que, derivado do pésimo estado de conservación do valo, a malla que delimita o recinto do parque (antes dunha caída de 4 metros aproximadamente) estea no aire, coa ameaza que supón para a integridade das persoas. Xa que logo, é urxente que o Concello de Bueu execute a construción dun novo muro para salvagardar a seguridade dos asistentes ao parque, manter o terreo e non afectar negativamente a unha propiedade privada.

Outra deficiencia notable é a falta de accesibilidade cara á zona traseira da Casa da Aldea, espazo no que se desenvolve unha parte moi significativa da actividade do edificio. Actualmente, o acceso para persoas con mobilidade reducida (sobre todo para aquelas persoas que se desprazan en cadeira de rodas) é practicamente inviable, debido á existencia de barreiras arquitectónicas notables, como é a ausencia de rampa ou mecanismo similar para a entrada, sendo preciso superar cinco escalóns e mais o nivel do inmovible.

Polo tanto, co obxectivo de adaptar a Casa da Aldea aos principios da Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, é necesario construír un acceso que o posibilite, buscando o menor impacto na superficie útil e nos usos do edificio. Para tal fin, é indispensable que se realice unha consulta aos colectivos que o empregan, para que dita mellora sexa o máis eficiente posible e se adapte ao máximo ás necesidades e demandas de ditas asociacións.

Polo exposto anteriormente, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

ÚNICO.– Instar o Concello de Bueu a realizar un novo muro na Casa da Aldea de Meiro na parte lindante co Recinto da Morada, así como construír un acceso para a parte traseira do edificio, suprimindo as barreiras arquitectónicas e facendo posible o acceso para persoas con mobilidade reducida.